

AIRES DO MIÑO

SAN CAMPIO

I

A ALBORADA

Lus da y-alba cobre o ceo,
doura os campos, doura os montes,
e nos regos e nas fontes
lindas pelras verte arreo.
Hoxe hai festa ó pé do Miño,
hoxe hai troula y-alegría.
Ei, rapaces! Hoxe é día
de San Campio queridiño.
Vamos ver o noso Santo,
vamos ver a nosa frol,
que da eirexa n'un recanto
loce e brila coma un sol.
Xa s'ergueu coma roxa fogueira
ese sol qu'a fartura nos trai;
e do Miño na verde ribeira
moita xente, piedosa e rideira,
pouco e pouco xuntándose vai.

II

OS PELEGRINOS

Ai fillos do Miño!

vir todos acá,
a ver o Santiño
que na cama está.
Vinde ver o Santo
que nos trouxo Dios,
qu'el enxuga o pranto
poñéndonos bos.

Ai lus acendida!
Estrela do Norte!
que lles das a vida
os que están á morte.

É longo o camiño,
mais vamos alá,
a ver o santiño
que na cama está.

Pai dos labradores,
vímosche a rezar
y-a pedir favores
ond'ó teu altar.

III

A MUIÑEIRA

Venia o día do Santo Glorioso
que na eirexa branquísima está,

ond´a veira do río escumoso,
antr´os millos da verde Armamá!
Ei rapaces! Que´a xente tolea
porque ós malos tornóunos bos.
Venia o Santo qu´é groria da aldea.
Venia o santo amiguiño de Dios.
Vivan, vivan paisanos e cregos
qu´o Santiño viñeron a honrar...
viva a fe dos cristianos gallegos
que é máis quente ca o lume do lar.

Lago González: Biografía y selección de su obra gallega por Filgueira Valverde. Biblioteca de Galicia, Colección Bibliófilos Gallegos, 1965